

CALENDARIO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

- **Sorteo das letras de desempate:** 27/02/2019
- **Publicación das vacantes:** antes do 1 de marzo
- **Presentación de solicitudes de admisión:** 1-20 de marzo
- **Documentación acreditativa do baremo:** 10 días hábiles despois dos 2 días seguintes a o de remate de presentación de solicitudes de admisión
- **Listaxes provisionais de alumnado admitido:** antes do 25 de abril. Iniciase o prazo de 5 días hábiles para reclamacións que se resolverán en 5 días hábiles.
- **Listaxes definitivas de alumnado admitido:** antes do 15 de maio
- **Formalización de matrícula:** 20-30 de xuño

HORARIO DE SECRETARÍA DURANTE O PERIODO DE SOLICITUDES: de luns a venres lectivos de 9:00-14:30. Os días 7, 12 e 20 de marzo tamén estaremos de 16:30 a 18:00h.

PROCESO DE ADMISIÓN

1. A solicitude de admisión presentarase no centro indicado en primeiro lugar e poderá conter ata 6 centros por orde de preferencia.
2. A solicitude será única e terá carácter vinculante.
3. A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refira a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás patria potestade con carácter exclusivo ou violencia de xénero.
4. As solicitudes presentadas fóra de prazo, a formulación de máis de unha solicitude ou a inclusión de datos que non se axusten á realidade, darán lugar á perda de todos os dereitos de prioridade.
5. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo ao mesmo tempo ao centro de orixe.
6. A solicitude dun posto escolar reservado a alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) deberá acompañarse da documentación xustificativa para o seu cotexo polo centro educativa.

SOLICITUDES

Presentarase unha única solicitude segundo o modelo ANEXO II, que poderá:

- a. Recollerse no centro a partires do día 1 de marzo.
- b. Cumprimentarse na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>
- c. Descargarse e cubrila de forma manual ou electronicamente: na sede electrónica da Xunta ou na páxina da Consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>

Unha vez cuberto o formulario deben imprimilo (se é o caso) e entregalo no centro educativo. Se dispoñen de certificado dixital ou chave 365 poden presentalo na Sede Electrónica.

- **As solicitudes virán acompañadas de:**

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando deneguen a súa consulta automatizada.
- Copia do DNI ou libro de familia onde apareza a idade do neno/nena.
- Convenio regulador ou resolución xudicial en caso de separación ou divorcio.
- Para o alumnado xa matriculado noutro centro nun nivel de primaria: certificado de matrícula do centro actual. Os solicitantes deben comunicar a dita solicitude ao centro de orixe.

É IMPRESCIDIBLE TRAER OS ORIXINAIS PARA O COTEXO DA DOCUMENTACIÓN